

CEIPP SAN BENITO DE LÉREZ

A VOZ DE LÉREZ

Edición I - Curso 2022/2023




ELABORAMOS O NOSO PROPIO PERIÓDICO

O resultado foi unha increíble mostra do que o alumnado aprende e fai no colexio, contado de primeira man por eles mesmos.

OS ALUMNOS E ALUMNAS DO CEIPP SAN BENITO DE LÉREZ DESEÑAN AS SUAS PROPIAS NOTICIAS

Durante o segundo trimestre deste curso 2022/2023, todo o alumnado do colexio participou nunha actividade para confeccionar un periódico de centro.

As diferentes clases elaboraron xunto cos seus mestres/as noticias de eventos que aconteceron neste curso.



A VOZ DE LÉREZ

XA CHEGOU O DÍA DA PAZ E ÍMOLO A CELEBRAR

O día 30 de xaneiro celebramos o Día Escolar da Non violencia e a Paz. Celebramos este día para aprender a: respectar, compartir, convivir sen pelexarse, amarse, axudar aos demais.



Alumnado de 4º Infantil celebrando o Día da Paz

POR QUE O CELEBRAMOS ESTE DÍA?

Dedicamos este día a Ghandi, é un home importante porque traballou moito, para que todas as persoas puidésemos vivir en paz.



Foto arquivo de Ghandi

Que é a paz?

A Paz ten varios significados: Ser bos non pegar, axudar, compartir...



Alumnado 4º Infantil CEIP San Benito de Lérez

Que cousas non axudan a que haxa paz?

Enfadarse, pelexarse, gritar aos compañeir@s, aos papás, ás mamás, ás mestras...

Que podemos facer nós, para colaborar a que haxa paz?

Compartir cos compañeiros, pedir perdón, dar as grazas, obedecer a papá, a mamá, ás mestras...



Alumnado 4º Infantil CEIP San Benito de Lérez

POR QUE A POMBA É SÍMBOLO DE PAZ?


A pomba da paz é un símbolo do desexo de paz no mundo, debido a uns debuxos que realizou Pablo Picasso para o Congreso Mundial pola Paz en 1949, despois da Segunda Guerra Mundial.



Alumnado 4º Infantil facendo coroas da Paz

MEDRAMOS APRENDENDO

Neste trimestre estamos a trabalhar o mundo dos animais.




Coñecemos as suas características, costumes e necesidades, así como os seus nomes en inglés.

A VOZ DE LÉREZ

XA SOMOS
MAIORES!

CANDO CHEGAMOS Á ESCOLA
ERAMOS PEQUENOS E
CHORABAMOS, PEGABAMOS E NON
SABIAMOS XOGAR BEN. AGORA
QUE XA SOMOS
MAIORES SABEMOS COMPARTIR,
AYUDAR, ESCOITAR, RESPECTAR ...



A hora da merenda é un momento educativo importante que aproveitamos para establecer hábitos de hixiene e alimentación adecuados e fomentamos tamén a nosa autonomía.





← COMPARTIR



DEBUXAR BEN →



← COOPERAR



BOZAR LOS CONTOS →





O ENTROIDO



2023

A festa de Entroido no noso cole foi o día 17 de febreiro.

Uns días antes apareceron as mensaxes do Meco que traía o monstro da biblia. Ordenaba vir con: colectíns diferentes,



zapatos diferente a cara pintada, algo na cabeza,

e o último día traer un disfraz.

Na nosa clase viñemos de enfermeira, coala, Girch, princesa, militar, paias e demadeira.

O día da festa no patio xogamos, bailamos e comemos sobremesas típicas: orellas, filloas, roscos, biscoitos...

Pasámola moi ben.





Tamén podemos ir á biblioteca
ver actuacións do circo do Sol.
Na cidade de Pontevedra tamén
houbo festa de Entroido con un
desfile e outras actividades como a
presentación de Ravachol, un loro
> famoso que debuxamos e do que
comezamos a súa historia real.




1º PRIMARIA

UNHA INICIATIVA VERDE

O alumnado do Ceip San Bieito de Lérez foi á praia da Lanzada



O Xoves 2 de Marzo, o alumnado de educación primaria do Ceip San Bieito de Lérez fomos á praia da Lanzada recoller lixo. Saímos ao pouco de chegar ao Colexio en dúas autobuses.



A.P.U.



O día estaba soleira, mais frío. No transecto saímos a Río de Portavedra, coa súa praia de costa e cos hotéis. Ao chegarmos, dividímonos en 3 grupos, con cadanseu monitor. Un grupo traballou na punta sur,





2º E.P

onde a capela e o castro, outro na punta norte e um no centro desta praia longuíssima. Os monitores deron unha explicación dos tipos de lixos, da zúa procedencia de water e sumidoiros. Deseguido, puxemos lurias e a recoller! Tanto lixo había! Aínda mesmo chegara desde América! (cordas) redes, tapóns, chisqueiros, botellas, rodas, e até unanaco de tablea de surf! Máis tarde, fixo booo temperatura. Caminamos pola area encontramos eunhas e dilas calzonas feitas con paus que trouxo o mozo EN- Cantouros as ondas, a luz) xogar na area. Finalmente) merendamos e xogamos. Foi unha xornada fantástica!



NAVALLA



VIEIRA

IRENE TRABAZO VISITA A ESCOLA

A campieira de ciclocrós visitou o noso centro para contarnos a súa experiencia.

O pasado 14 de marzo recibimos unha visita moi especial. A deportista Irene Trabazo achegouse ao noso centro para charlar co alumnado de 3º e 4º de E.P. Irene é unha recoñecida ciclista que conta con diversos premios e deu resposta moi amablemente a todas as preguntas que fixemos.

- Como foron os teus inicios no deporte?
- Practicé ciclismo dende os 6 anos. Tamén practiquei outros deportes pero finalmente quedei con este porque xa de pequena me encantaban os charcos, o barro, ... Parecíame moi divertido!
- Cando comezaches a túa carreira deportiva?
- Empecei a especializarme como deportista profesional hai 5 anos, ao subir á categoría elite.
- Canto tempo lle adicas a adestrar?
- Intento adestrar todos os días. A hora estou coa bici de carretera pero en temporada de ciclocrós entreno 2 veces por semana e o resto de días coa de carretera.
- Cantas bicicletas tes?
- Ademais da de carretera teño 3 bicicletas de ciclocrós e 1 de montaña. Teño varias porque ás veces nos circuitos, cando hai moito barro, é preciso cambiar unha por outra porque non hai tempo para que os mecánicos laven a bicicleta a tempo.

- Cal é o circuito máis longo que fixeches?
- En cada categoría de ciclocrós hai un tempo predeterminado. En na categoría elite de ciclocrós corro 50 minutos pero en carretera teño corrido ata 3 horas.
- Cal é o teu maior récord?
- Ao máxímo que cheguei é a ir a un campionato do mundo. Ata agora estiven en 3 campionatos do mundo seleccionada coa Federación Española de Ciclismo.
- Como coidas a alimentación?
- Como variado: pasta, arroces, verduras, froita, carnes e peixe. Pero cando me apetece tamén tomo un doce.

Pasámolo moi ben e aprendimos moitísimo con ela!



3º de E. P.

EXCURSIÓN AO TEATRO

OS MENOS DE CUARTO FORON A UNHA EXCURSION SOBRE O MAR.



Os menos de 4^o sentados nas súas butacas.

Os nenos de 4^o de primaria foron o 28 de febreiro a unha excursión ao teatro. As dúas primeiras horas estiveron corrixindo e facendo exercicios.

Á terceira hora, ás 11.30, fixeron as pasellas, e foron ao bus cos seus de terceira.

Ao chegar a pontevedra, fixeron unha fila de pasellas para ir ao teatro, unha vez alí,

Sentáronse nas butacas.

A obra trataba sobre un submarino que se chamaba Nautilus. Os protagonistas pensaban que había un monstro, pero ao longo da historia descubriron que era o lixeira que os hundira tiranos.

Cando rematou fixéron outra vez a fila de parellas para ir ao bus.


Ao chegar ao cole, tiveron dez minutos de descanso porque non tiveran patio. Logo subiron a facer sociais e ao pouco marcharon para casa.

A VISITA AOS MUSEOS CIENTÍFICOS DA CORUÑA

O alumnado de 5º e 6º E.P. do colexio San Benito de Lérez visitaron os museos científicos da Coruña o 27 de febreiro de 2023.

Saíron ás 9:30 do colexio, todos emocionados. Cando chegaron á cidade foron directamente ó Domus, nese museo encantoulles a porteira e a máquina mental. Ás 13:00 foron xantar á cafetería do Domus, volaron os Kojak.

Logo ás 14:00 visitaron o Aquarium Finisterrae. Buscaron o Axolote, o tiburón toro estivo moi tranquilo e ás focas non ían xunto eles.



Despois foron á Casa das Ciencias na que tiñan unha proxección no Planetario, Venus e Xúpiter tan brillantes e tan cerca, as constelacións, a Estrela Polar, Sirio...

Na Casa das Ciencias poideron ver un reloxo moi extraño, unhas pelotas de tenis colgadas dunha corda, uns columpios, unhas bólas de billar...

Ao saír da Casa das Ciencias merendaron fronte a porta.

Logo voltaron cara Pontevedra.




A EXCURSIÓN A SANTIAGO

UN DÍA DIFERENTE NA CAPITAL GALEGA.

Hoxe imos contarvos a nosa experiencia en Santiago de Compostela. Primeiro fomos ao CGAC, un museo de arte contemporáneo. Alí fixemos un taller onde creamos obras, logo visitamos a exposición fotográfica. Ao rematar fomos comer ao Parque de Bonaval. Un lugar moi bonito para xogar e relaxarse. Pola tarde dimos un breve paseo pola casco histórico e visitamos a impresionante Catedral. Logo estivemos no Museo do Pobo Galego onde aprendimos moitas cousas da nosa cultura. Foi un día especialmente fermoso, non só polo sol radiante senón tamén polo que aprendemos e pola convivencia cos compañeiros de 5º.



ESCALEIRA NO MUSEO DO POBO GALEGO



NA PLAZA DO OBRADOIRO, FRONTE Á CATEDRAL.

P
A
S
A
T
E
M
P
O
S

SOPA DE LETRAS

C	G	A	C	R	O	C	H	P
C	Y	Y	A	E	R	Z	C	E
S	A	N	T	I	A	G	O	R
C	R	M	E	Y	F	O	N	E
U	I	O	P	F	L	X	C	G
N	G	Z	R	F	O	N	A	R
C	N	A	A	P	N	G	A	I
H	R	I	L	R	C	T	T	N
A	L	C	N	I	H	A	H	O

CATEDRAL
SANTIAGO
CGAC
PEREGRINO
CUNCHA

DEPORTE en FEMININO

Seguro que sabes moito de fútbol, verdade? Se te piden que digas o nome dalgún futbolista, moitos pasan pola túa mente: Messi, Ronaldo, Benzema... Pero, e mulleres? Seguro que moitas menos. E "habelas... hainas". E non son bruxas, son mulleres que traballan e se esforzan. Nesta sección únos coñecer a Alejandra de Paz.

Alejandra de Paz é unha deportista que naceu o 25 de maio de 1995 en Neda (A Coruña). Agora ten 27 anos e xoga no "Marín Futsal" de primeira división. Anteriormente xogou no equipo "A Ferrenza" de Ferrol, no "Poio Pescamar" e no "Burela". Conseguiu 11 títulos, entre os que destaca a vitoria na Eurocopa coa selección Eslovena.



Lereyycine

